



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2010 13:08
Nº Rexistro: 19188
Data envío: 15/01/2010 13:08:14.682

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á situación da Unidade de saúde mental do Barbanza.

Na anterior lexislatura, e como unha actuación incluída no Plan estratéxico de saúde mental, contemplábase a construción dun centro de saúde mental para a comarca do Barbanza.

Neste centro tíñase pensado integrar a actual Unidade de Asistencia a Drogodependentes (UAD) e contaba con partida orzamentaria en 2009 e lugar de ubicación, na parcela do Hospital do Barbanza. A obra estaba xa licitada e adxudicada a unha empresa e parecía inminente o inicio da construción.

No orzamento de 2010 non aparece partida específica ningunha para darlle continuidade ao plan estratéxico de saúde mental nin para este centro en concreto, o que , xunto con outras informacións, parece indicar que se paraliza este proxecto.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cál é a situación do proxecto de construción do Centro de saúde mental do Barbanza?
2. Asume o Goberno galego este proxecto, en qué ubicación, con qué prazos e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

orzamento?

3. Ten negociado o Goberno galego novas condicións ou algunha outra medida coa empresa adxudicataria da obra?
4. En caso de non asumir o proxecto actual, qué alternativa de atención á saúde mental prevé ofertar o Goberno galego na comarca do Barbanza?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/01/2010 13:07:48

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/01/2010 13:07:52